

PREGÓN DAS FESTAS DO CÁDAVO DE 2019

Bos días. Moitas grazas a todos pola vosa presenza e o meu máis profundo sentimento de gratitude para a comisión de festas por convidarme a dar o pregón e facerme sentir profeta na miña terra aínda que só sexa por un día... Vou tentar ser breve, malia que, como sabedes, iso é o que acostuman dicir os que nunca o son. Pero eu prométovos que non me vou estender máis alá de dez minutíños, porque se hai dúas cousas sagradas no noso país unha é a sesta e a outra a sesión vermú, que van amenizar os amigos da orquestra Gran Casino.

Cando Diego, Luis e David me chamaron para encomendarme esta tarefa tiveren moi claro desde un primeiro momento a responsabilidade que asumía e lembrei a anécdota que lle teño oído a un veterano compañeiro de profesión que cando tivo que facer a súa primeira viaxe ao estranxeiro para cubrir unha relevante noticia subiuse ao avión e non parou de dar voltas e de mirar pola fiestra. Certamente estaba un día moi desapacible - moito máis co de hoxe-, caían chuzos de punta e mesmo algún raio. Ao velo tan inqueda ante a inminencia do voo e comprobar que o home non acababa de acougar, unha señora que era a súa compañeira de asento non dubidou en espetarlle: "¿Que... é a primeira vez?". E el contestoulle todo cheo de razón: "Non, non... Xa estiven outras veces nervioso".

Pois a min pásame algo parecido. Teño estado nervioso outras veces pero hoxe estouno especialmente porque falar ante a túa xente e por riba tentar dicir algo interesante é certamente complicado. Como sostíña o sempre xenial Groucho Marx, "é mellor estar calado e parecer parvo que abrir a boca e despexar todas as dúbidas".

En calquera caso e malia que son consciente das miñas limitacións, vou tentar estar á altura das circunstancias e non aburrirvos ao recordar algunhas das vivencias que teño compartido ao voso carón. Moitas delas tiveron lugar nesta praza na que nos atopamos, que para min é coma sala de estar do Cádavo. Aquí hai moitos anos celebrábase a feira e había un campo con frondosas árbores que acabamos cambiando por cemento, grava e formigón porque os tempos modernos teñen esas cousas. Así que onde antes viña a xente ao Doce e onde agora felizmente se recuperou o costume de comer o polbo unha vez ao mes, eu teño xogado interminables partidos de fútbol e trabado as miñas primeiras amizades, que conto coa sorte de manter moitos anos despois. Non quero poñerme sentimental, pero para min A Praza -así con maiúsculas- son recordos de bocadillos de Nocilla, de galletas de vainilla que lle íamos comprar ao señor Vicente ou á señora Carme, de paseos en bicicleta, de seres queridos que xa non están e que marcaron a miña vida, dalgunha trastada inconfesable e dun mundo moi diferente ao de hoxe. Non sei se mellor ou peor, pero certamente diferente. Daquela non existían os móbiles, nin as tablets, nin a internet, nin as redes sociais, pero abofé que estábamos moi ben comunicados malia ser tan analóxicos porque seguramente non había ningunha pantalla por medio que interferise nas nosas conversas.

Pasaron os anos, quedou atrás ese paraíso perdido que é a infancia, e sendo mozo mesmo tiveren a oportunidade unha vez de ser membro da comisión de festas de San Cristovo, que, como sabedes, é unha festividade que se celebra en xullo pero que nós decidimos cambiar para agosto como quen non quere a cousa. E non o fixemos porque sexamos república independente (dito sea sen segundas intencións), desprecemos o santoral ou sigamos pola hora de Canarias, senón que foi porque quixemos aproveitar o

tirón popular de agosto, o mes vacacional por excelencia. E o tempo -non sempre o meteorolóxico- acabounos dando a razón, vista a gran concorrencia de xente que sempre hai... especialmente cando no cartel contamos con excelentes orquestras, como é o caso desta e doutras moitas edicións.

De todos modos, as arbores non deben impedirnos ver o bosque, sobre todo nestes días en que as nosas doce parroquias se enchen de xente á que logo botamos de menos o resto do ano. Baleira, coma maioría dos concellos da Galicia interior, ten hoxe un problema de primeira magnitude que é o despoboamento. Desde hai décadas levo oíndolles aos políticos de ámbito estatal ou autonómico, sexan da cor que sexan, que hai que poñerlle solución a esta grave situación. Pero o problema, como o dinosauro do famoso conto de Augusto Monterroso, segue aí e non marcha porque non aparece ninguén que lle atope remedio. Esa é a grande ameaza para un pobo, o voso e o meu, que leva moito tempo cun saldo vexetativo negativo difícil de reverter. Xa sei que non é doado, pero agora que o da Galicia baleira e o da España vacía é un clamor debemos reivindicar máis que nunca que o noso concello, Baleira, deixe de facer honor ao su nome.

Sen esquecer que non son máis que un humilde xornalista, quixera facer oír a miña voz (que tamén é a vosa) para pedir medidas desde as institucións que contribúan a aliviar ou a cauterizar esta ferida, esta imparabile sangría demográfica, que pode levarnos cara á inanición ou directamente a desaparecer.

Seguramente non é hoxe o día de entrar en reflexións desta profundidade, porque a fin de contas estamos de festa. Mais quixera aproveitar a ocasión que me brindades de ser o voso portavoz para poñer en valor a fermosura deste paraíso natural que temos a sorte de desfrutar e que serve de berce a dous ríos tan importantes como o Neira e o Eo, cunha fraga coma Marronda, áreas como a da Cortevella, vestixios megalíticos como os da Medorra, castros, fervenzas, vizosos vales, montañas, covas aínda sen explorar, rutas de sendeirismo e zonas de escalada, igrexas de estimable valor arquitectónico, o campo da Matanza -cheo de lendas- ou se me permitides varrer para a casa, A Fontaneira, onde en 1809 os nosos antergos loitaron intrepidamente contra os franceses cando perseguían as tropas do xeneral sir John Moore e mesmo os fixeron fuxir por Valdería, Puñago e A Pradedá tras sufrir, iso si, un devastador incendio.

Ogallá que nun futuro esta terra non sexa só lugar de paso para múltiples peregrinos do Camiño Primitivo -algúns tan coñecidos como o actor Mel Gibson, que o outro día pasou por aquí (en coche, todo hai que dicilo) tras probar na Fonsagrada as excelencias da gastronomía da nosa comarca-, senón que sexa tamén terra de asentamento e acollida para moitas persoas que desexen gozar de xeito permanente do noso patrimonio natural e cultural, da nosa proverbial hospitalidade e da nosa privilexiada ubicación, preto da capital da provincia e da principal vía de comunicación coa Meseta.

Quedan moitas cousas no tinteiro e o desexo deste pregoeiro de profundar nun futuro na historia e na intrahistoria de Baleira para pescudar na súa relación con persoeiros históricos tan relevantes coma o marqués de Rodil, Nicolás Salmerón, Portela Valladares ou Adolfo Suárez ou para refrescar sucesos como o da aterraxe forzosa dun avión militar en Córneas do que pronto se van cumprir 70 anos... Pero como o prometido é débeda e o tempo é limitado, remato xa dándovos as grazas por terme acollido sempre con tanto agarimo coma hoxe, por deixarme formar parte do voso

mundo e sobre todo polo voso exemplo e polos momentos compartidos, que sen dúbida me axudaron a ser mellor persoa.

Laiábase hai anos o activista americano Dick Gregory de que nunha ocasión lle deron as chaves da súa cidade e despois cambiaron todas as fechaduras. No meu caso agardo non defraudarvos e que non teñades que chamar ao cerralleiro cando marche, pois ben sabedes que por moi lonxe que me atope sempre vos levo e vos levarei no corazón.

Moitas grazas pola vosa atención, por arrouparme na miña casa e que teñades unhas FELICES FESTAS. ¡Que viva O Cádavo!

ALFONSO ÁLVARZ RIVEIRO

DIRECTOR DO DIARIO EL PROGRESO